



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Padrón de subministro e utilización de auga potable do ano 2024

ANUNCIO

Con data 16 de xullo de 2024 por esta Alcaldía apróbase inicialmente o Padrón de Subministro e Utilización de Auga Potable do ano 2024 co detalle seguinte:

Padrón do ano 2024 (435 recibos por importe total de 21.424,84 euros).

O padrón aprobado expónese ó público nas oficinas do Concello de Paderne durante QUINCE DÍAS hábiles, contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que poida ser examinado e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, a citada aprobación elevarase automaticamente a definitiva.

Esta exposición servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón, todos os interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía, segundo o disposto no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Non obstante, se o consideran oportuno, os interesados poderán empregar e exercitar calquera outro recurso que se estime conveniente.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Paderne, a 16 de xullo de 2024

O ALCALDE PRESIDENTE

ASDO. SERGIO PLATAS CASAL

2024/5129